

VIII GALA DO DEPORTE DE SANTIAGO

Jesús Prieto



As persoas e entidades premiadas na VIII Gala do Deporte de Santiago con integrantes da Corporación municipal; a alcaldesa, Goretti Sanmartín, no centro, e membros do xurado.

Santiago pon en primeiro plano o seu deporte nunha gala de emoción e orgullo

VÍCTOR FURELOS

Santiago

Os VIII Premios Santiago Deporte celebraron este martes na sala Mozart do Auditorio de Galicia a súa gran gala para entregar os galardóns desta edición.

No primeiro bloque das entregas o protagonismo foi para o patrocinio deportivo de Ferrecal, representado no acto polo seu director xeral, Juan Francisco Vázquez Iglesias, como principal valedor do Triatlón Compostela e colaborador de varios clubs como Monbus Obradoiro, SD Compostela, Club Vía Láctea, Amio Sociedad Deportiva e outros.

Deseguido chegou a quenda do premio á Mellor Actividade ou Acción Social, que recaeu na Andaina Solidaria en favor da investigación Duchenne y Becker, promovida por Juanma Mata e o seu fillo Samuel, quen padece esa enfermidade. Os dous participan en competicións como a Carreira Pedestre de Santiago e en varias probas do Correo-San, e organizan no Monte do Gozo unha carreira que destina a súa recadación á investigación de enfermidades raras, combinando deporte e acción social.

A ampla oferta deportiva do co-

lexio Peleteiro, diversificada con instalacións propias, incluíndo campo de fútbol, pavillón e piscina, e a súa participación varios anos nas fases finais do Campionato de España de Baloncesto, en colaboración co Obradoiro, así como a súa presenza destacada en múltiples disciplinas, foi merecedora do premio recollido polo director do centro educativo, Luis Peleteiro.

O primeiro bloque rematou coa distinción ao Club Waterpolo Santiago como entidade deportiva máis destacada. As súas vitorias en todas as categorías e o subcampionato da Supercopa masculina absoluta chamaron a atención do xurado. Subiron ao escenario no seu nome o seu presidente, Luis Ferrer, quen reclamou máis auga para o seu deporte, e os deportistas Guillermo Carrillo e Victoria Landeira.

O segundo bloque foi o máis breve xa que abrangueu só dúas categorías. O premio correspondente ao mellor adestrador foi para Santi Valladares, todo un referente do fútbol sala despois de ser o primeiro internacional galego en participar nun Mundial como xogador. Como adestrador no 2025 conquistou a Copa de España co Peñíscola. Na gala anunciou que chegou o momento de regresar á casa unha

vez remate esta temporada.

O premio dedicado á arbitaxe foi para María José Barbazán, a primeira muller que ocupa o posto de delegada de Santiago do Comité Galego de Xuíces de Atletismo, deporte que lle axudou moito a adaptarse á súa chegada á capital galega cando era unha adolescente desde Francia, onde estiveron emigrados os seus pais.

No último bloque concentráronse os galardóns individuais máis destacados. O momento máis emotivo da gala protagonizouno o galardonado no apartado de deporte adaptado, Marcelo Lusardi, skater compostelano de orixe arxentina que comezou a practicar skate aos 11 anos e perdeu a visión aos 18 a causa dunha neuropatía óptica de Leber. Na súa intervención rompeu a chorar e emocionou os asistentes ao lembrar como superou o momento en que perdeu a vista grazas ao deporte e ao apoio da súa familia.

Chegou despois a quenda dunhas das maiores promesas do deporte compostelán. As irmás Demeku e Debris Paniagua, que lograron prata e bronce no Campionato de España de campo a través, convertéronse nas primeiras xemelas españolas en competir nun Mundial de Cross, onde foron as mello-

res do equipo estatal, rematando nos postos 28 e 37 na categoría sub20 con só 17 anos. Ambas as dúas completaron a tempada conseguindo o primeiro e segundo posto na Carreira Pedestre Popular de Santiago.

No capítulo masculino o galardón foi para o ximnasta Cosme González despois de concluir unha tempada brillante ao proclamarse campión de España individual na categoría xuvenil, medalla de ouro que non fai máis que consolidalo como unha das promesas máis destacadas da rítmica galega.

Subiron a continuación ao escenario o mellor deportista e a mellor deportista santiagueses do ano. Guillermo Carracedo, destacado surfeiro especializado en SUP Olas e paddle surf, foi campión de España de SUP Olas 2025 na categoría open en Malpica e representou a España no ISA World SUP & Paddleboard Championship 2025 no Salvador, conseguindo o 13º posto individual. Ademais, foi campión de Europa absoluto de paddle surf no 2022, varias veces campión de España e subcampión do mundo coa selección española.

Entrementres, Blanca Millán destacou na Liga Feminina de baloncesto (LF Endesa) na posición

de escolta. Formouse nos Estados Unidos, xogando na Universidade de Maine entre o 2016 e o 2021, onde foi dúas veces mellor xogadora da conferencia America East e dúas veces mellor xogadora defensiva, sendo a única muller en acadar dúas veces cada premio. Despois da súa etapa universitaria, regresou a España e tras o seu paso polo Gran Canaria e o Ensino Lugués, fichou polo Baxi Ferrol, co que na tempada pasada logrou clasificarse para a EuroCup, finalizando subcampióna do torneo.

A gala rematou con outra entrega moi emotiva. O matrimonio formado por Chuco Barreiro e Maruja Barral levaron a ovación máis longa da noite. El fíxose co cariño da gran maioría de xogadores que pisaron o vestiario da SD Compostela durante máis de trinta anos, nos que acompañou o club desde categorías rexionais ata Primeira División, traballando no manexo do material. É historia viva do club e, de seguro, a persoa que garda na súa memoria un maior número de anécdotas. A súa muller incorporouse despois para encargarse das tarefas de lavado e coidado da roupa e o material cando o equipo medrou, contribuíndo ao funcionamento diario da SD Compostela. ■

VIII GALA DO DEPORTE DE SANTIAGO

Fotos: Jesús Prieto



Goretti Sanmartín con Maruja Barral e Chuco Barreiro.



Guillermo Carracedo con Antonio Leira.



Blanca Millán con Mar Teijeiro.



Debris e Demeku Paniagua con María Rozas.



Cosme González con Javier Rico.



Marcelo Lusardi con Míriam Louzao.



Santi Valladares con Gonzalo Muíños.



María José Barbazán con Borja Vereá.



Luis Peleteiro con Ramón Castro.



Guillermo Carrillo, Victoria Landeira e Ferrer con Marta Abal.



Juanma e Samuel Mata con Yuri Carrazoni.



Juan Francisco Vázquez, de Ferrecal, con Manuel Reigosa.

Mencións merecidas a Luis Penido e Emilio Navaza

VÍCTOR FURELOS
Santiago

A concelleira de Deportes, Pilar Lueiro, abriu o acto entregando o recoñecemento a Luis Penido Team. O piloto santiagués, que quixo compartir o galardón co seu equipo, proclamouse campión de Europa de Montaña na

categoría Grupo 5, no FIA European Hillclimb Championship 2025, despois de subir ao podio nas dez probas do campionato nas que participou, o que contribuíu a que fose recoñecido como Deportista de Alto Nivel polo Consello Superior de Deportes.

Chegou despois un dos momentos máis emotivos da gala coa entrega dunha mención especial a título pós-

tumo ao xornalista Emilio Navaza, que foi xefe de Deportes de EL CORREO GALLEGO cunha dedicación e rigor profesional que creou escola. No seu día prestoulle especial atención ao atletismo e ao olimpismo. Foi, ademais, a persoa que no ano 1978 propuxo a celebración da Carreira Pedestre de Santiago que hoxe en día segue viva. Recolleu o premio a súa filla, Raquel Navaza, que pronunciou un bonito discurso lembrando como lle brillaban os ollos ao seu pai cando falaba do atletismo ou do olimpismo, dúas das dúas paixóns. ■



Raquel Navaza e Víctor Furelos.



Luis Penido e Pilar Lueiro.

PILAR LUEIRO

Concelleira de Deportes de Santiago

«O deporte é saúde e debemos fomentar máis a práctica deportiva»

O Concello vai contar con máis instalacións grazas á construción dun novo pavillón polideportivo en Salgueiriños cuxo custo ascenderá a 3,2 millóns de euros

VÍCTOR FURELOS

Santiago

Unha das persoas máis satisfeitas pola celebración da Gala do Deporte é a concelleira Pilar Lueiro. Entende que ver o mosaico de parte das actividades que se levan a cabo en Compostela, con xente sacrificada que triunfa grazas ao seu traballo, esperta un orgullo de cidade que non é sinxelo de conseguir. A festa do deporte santiagués supón ademais un espello no que mirarse polas historias de superación que amosa.

— **Unha nova edición da Gala. Que supón para o Concello este evento?**

— A Gala do Deporte é o recoñecemento público ao deporte compostelán e unha maneira de poñer en valor o esforzo e o mérito dos e das deportistas, clubs, entidades... Tamén é un lugar de encontro que nos dá a oportunidade de relacionármonos dun xeito máis distendido.

— **A visión é recoñecer os 'embaixadores e embaixadoras' da cidade a través dos seus éxitos?**

— Non só se recoñece as persoas embaixadoras. Prémíase o esforzo, a constancia e unha vida dedicada ao deporte, como foron nos últimos anos os galardóns honoríficos ou as mencións especiais, por exemplo.

— **Quedoulle marcada algunha das historias ou palabras das persoas premiadas este ano?**

— Quedaron. A historia de Marcelo Lusardi e a súa intervención foron moi emocionantes; ver a Chuco e Maruxa contando unha vida chea de traballo xuntos e de amor emociona a calquera.

— **A día de hoxe, a cidade non ten moitos equipos na elite. Que se precisa para dar ese impulso?**

— Unha combinación de talento, mentalidade gañadora, estratexia e algo de sorte, e por suposto un equipo de xente que crea no proxecto e estea disposto a investir.



Pilar Lueiro no pavillón de Santa Isabel antes da celebración dunha competición de ximnasia rítmica.

— **Como avanzan os pasos para ter novas instalacións e que prazos se manexan? O waterpolo reclamou 'máis auga'...**

— Avanzamos máis lentamente do que nos gustaría, pero con proxecto, gana e ilusión. Conseguíronse fondos EDIL para a construción dun novo pavillón polideportivo en Salgueiriños, cuxo custo se estima en 3,2 millóns de euros, e traballaremos para que sexa unha realidade. Non o veremos rematado neste mandato, mais si encamiñado. A demanda de auga nesta cidade vén de moitos anos atrás e temos que ir

todos a unha para podérmolo conseguir; cando digo todos refírome a todas as formacións políticas e a que se impliquen todas as administracións.

— **Na Gala prémíase a excelencia e os valores, xa que non todo é a práctica profesional. Está satisfeita co volume de practicantes?**

— Non, o deporte é saúde e debemos fomentar máis a práctica deportiva. Non nos podemos dar por satisfeitas mentres medre a adición ás pantallas, que ademais implica sedentarismo. Traballamos no

I Plan de Saúde Municipal, que fai fincapé na saúde mental e no sedentarismo, e está claro que a receita que non falla é o deporte.

— **Un recoñecemento foi para Emilio Navaza, xornalista que foi xefe de deportes de EL CORREO GALLEG0 e impulsor da Carreira Pedestre. Para vostede, que valor ten o xornalismo deportivo, a figura do propio Emilio Navaza e esa proba?**

— O xornalismo deportivo é quen de engrandecer e visibilizar deportes que, sen un profesional do xor-

nalismo, nunca teríamos a oportunidade de coñecer. Tiven a sorte de coincidir nalgunha ocasión con Emilio Navaza e quedome co seu traballo: unha persoa exquisita no trato, culta e un gran profesional. Impulsou unha carreira que é o gran día do deporte compostelán e, sen dúbida, unha das mañás máis fermosas e populares do ano a nivel deportivo.

— **Penido repite, agora cun recoñecemento polo seu éxito europeo. Deixa un sabor 'agridoce' que para o ano non poida repetir?**

— Eu, que son moi optimista, teño a esperanza de que se poida arranxar e consiga o apoio económico que precisa. É complicado, mais desexo que así sexa. Efectivamente, que non poida competir en todas as probas persoalmente sábe-me mal. É unha persoa marabillosa e un extraordinario deportista, un gran embaixador da nosa cidade.

— **A de Marcelo Lusardi, skater en deporte adaptado, e cunha historia de superación que vai máis aló do deporte, foi a entrega máis emotiva?**

— Xa o comentei con anterioridade: a de Marcelo e a de Chuco e Maruxa creo que nos puxeron a bágoa no bordo do ollo.

— **Ás veces non se lles dá o recoñecemento que merecen, pero os árbitros son vitais no deporte. María José Barbazán é un bo exemplo, cunha gran historia...**

— Se a cidadanía coñecese a historia que hai por detrás dalgunhas persoas, daríalles máis valor. María José, como outras moitas, é unha valente que ten o seu traballo, nada habitual para unha muller, e o tempo que lle resta dedícao ao deporte. Ademais, árbitros, xuíces... son invisibles, mais sen estas figuras non poderíamos celebrar ningunha competición. Fálase deles e delas cando fallan, que é algo que nos pode pasar a calquera de nós no noso traballo. Non é fácil, non. ■

Jesús Prieto

VIII GALA DO DEPORTE DE SANTIAGO

GUILLERMO CARRACEDO

Surfeiro

«Gústame moito viaxar, pero aínda máis a sensación de volver a Galicia»

O seis veces campión de España e campión de Europa de paddle surf repasa a súa traxectoria, os seus logros internacionais e o valor dun recoñecemento que premia anos de esforzo e constancia

PABLO MARTÍNEZ

Santiago

Referente en surf e paddle surf a nivel estatal e internacional, Guillermo Carracedo Robelo (Santiago de Compostela, 05/08/1993) consolidouse no 2025 como un dos nomes propios do deporte galego. A súa traxectoria combina centos de éxitos deportivos — como o seu recente campionato de España de SUP Olas ou o seu papel na vitoria estatal no mundial por equipos no Salvador — cunha destacada presenza nas redes sociais, onde acumula máis de cinco millóns de seguidores. Os seus logros foron recoñecidos co premio ao mellor deportista santiagués do ano, un galardón que pon en valor non só o seu rendemento, senón tamén a súa capacidade de representar a súa terra dentro e fóra da auga.

— **Quen é Guillermo Carracedo?**

— Son un mozo nado en Santiago, aínda que vivo na Costa da Morte, en Carnota. Son surfeiro profesional, seis veces campión de España e campión de Europa. Tamén fun campión do mundo coa selección española. Ademais, son médico e creador de contido dixital.

— **Que vinculación ten con Galicia e coa cidade de Santiago?**

— Son unha persoa moi orgullosa de onde son e das miñas raíces. Sempre levo Galicia comigo e encántame representala internacionalmente. Gústame moito viaxar, pero aínda máis a sensación de volver á casa, e para min volver a casa sempre significa volver a Galicia.

— **Que importancia tivo Galicia para converterse no deportista que é hoxe?**

— Galicia ten un clima duro e rudo, e iso marcou o meu carácter e a miña forma de surfear. Aquí non adestramos en condicións perfectas, senón en temporais e situacións adversas. Iso dáche un extra e



Guillermo Carracedo saúda á cámara desde a súa táboa de surf nunha das competicións en que participou.

forxa os que nos metemos na auga nenas condicións.

— **Como viviu o seu último ano, co campionato de España e o Mundial no Salvador?**

— Foi un gran ano. A nivel individual, o Mundial resistíuseme porque me eliminou o que despois foi campión. Aínda así, logramos o título mundial por equipos coa selección española. Ademais, seguir consolidándome como campión de España ano tras ano é algo que mesmo a min sorpréndeme. Compito sen presión e desfruto moito cada campionato.

— **Cal é o seu gran obxectivo próximo?**

— Ser campión do mundo individual. Quedei dúas veces quinto, a un paso da final, e quedoume a espiña.

Sei que gañei a moitos campións do mundo en roldas previas, así que agora o obxectivo é facelo nunha final e ser campión.

— **En que momento o surf e o paddle surf pasaron de ser unha afección a algo máis serio?**

— Foi un proceso. Fun compaxinando coa medicina e as redes sociais. Para min, o surf e o paddle son o mesmo: a miña paixón. Paso o día na auga. Pero ao ser un deporte minoritario, non podes vivir só diso, así que o combinei co meu traballo como médico e coas redes sociais, que é do que vivo actualmente.

— **E como consegue compaxinar deporte e redes sociais?**

— Todo é máis doado se surfeei antes. Para min é fundamental surfear polo menos unha vez ao

día. A partir de aí, trátase de organizarse ben, mesmo se hai que quitarlle horas ao sono.

— **Pasou por lesións importantes. Como foi ese proceso?**

— O surf é un deporte de risco, especialmente cando o levas ao límite. No 2014 tiven un ano moi duro: máis de noventa puntos na cabeza, varios días en coma e un traslado en helicóptero ao hospital. Son obstáculos que forman parte do camiño cando loitas por un soño.

— **Como atopou a motivación tras momentos tan duros?**

— Afronteino sen medo, con moitas ganas de volver surfear.

— **Famoso polos seus retos imposibles, percorreu case todo o mundo desafiando milleiros de**

probas inverosímiles. Que retos lle quedan por cumprir?

— Moitísimos. Quero descubrir novas ondas por el mundo, surfear en lugares onde ninguén surfeara antes e afrontar ondas máis grandes, máis longas ou máis técnicas. Tamén me encantan as ondas diferentes, esas que a gente ve e non é quen de surfear.

— **Que significou recibir o premio ao mellor deportista do ano na VIII Gala do Deporte de Santiago de Compostela?**

— Foi moi especial. Non mo esperaba e sorprendeume viaxando. Faime moita ilusión polo cariño que lle teño a Santiago, onde nacín e medrei, e porque é un recoñecemento a moitos anos de esforzo e paixón. Estou moi agradecido a todos os que pensaron en min para este premio. ■

G.C.

A xogadora de baloncesto foi recoñecida como a mellor deportista feminina despois de afrontar unha histórica tempada co Baxi Ferrol, co que disputou a final europea da Eurocup, sendo unha das

principais estrelas do equipo • A súa carreira comezou no Peleteiro e levouna ata a universidade estadounidense coas Maine Black Bears, o Gran Canaria, o Ensino de Lugo e o conxunto ferrolán

Blanca Millán, referente de Compostela para Galicia

ANDRÉ COUCE
Santiago

Blanca Millán recibiu este martes o galardón á mellor deportista feminina da VIII Gala dos Premios Santiago Deporte, tanto polo seu espectacular ano en Ferrol, xogando unha final europea, como por unha traxectoria envexable. Un dos feitos que demostran tanto a súa calidade como o seu arraigamento á terra é que xoga na elite no Baxi Ferrol, algo que tamén fixo no seu día no Ensino de Lugo. Por iso, o que máis celebra a xogadora compostelá é o feito de ser un referente para as máis novas, demostrando que poden ser profesionais do baloncesto e, ademais, na súa terra.

A súa primeira impresión ao recibir un premio deste calibre na súa cidade trasladoulle un sentimento moi especial de pertenza: «Son de Santiago, medrei xogando aquí e son as miñas orixes. Sempre lembro o equipo do colexio e todo o apoio da cidade. Non esquezo Santiago aínda que estea a representar agora ao Baxi Ferrol, nin nas miñas anteriores etapas».

Iso si, recoñece que recibir un galardón coma este supón «unha sorpresa que non esperaba». Sabe que agora mesmo pode que non haxa «moitas deportistas femininas» competindo ao máximo nivel que teñan a súa orixe na cidade, pero valora enormemente a decisión de honrala cun premio que, sinala, «reflicte unha gran tempada a nivel colectivo e tamén individual».

Tanto o galardón na súa cidade como o poder xogar unha final europea co Baxi Ferrol supoñen para Blanca Millán «pechar un círculo perfecto». Recoñece que o baloncesto achegoulle «moitas cousas incríbles» pero tamén lle quitou outras, por exemplo, coas lesións que sufriu. Por iso, considera que os éxitos que agora vive son «un premio a todo ese traballo que non se ve e que foi moito», e recalca que «hai moitas horas detrás para chegar a unha final europea».

«Os meus anos en Maine servíronme para medrar e poder chegar á Liga Feminina, co gran nivel que ten. Gran Canaria apostou por min cando ninguén o facía e foi xenial poder chegar a esta competición.



Blanca Millán na final da Eurocup.

Despois sería o Ensino de Lugo, onde rompín o cruzado e, ao momento, ofrécenme renovar. Iso fixo que me sentira moi valorada. E de aí marchei a Ferrol e chegamos a unha final europea que é un orgullo, porque é un sitio pequeno, cun orzamento humilde e superamos a equipos que nos dobraban. Estou orgullosa de todo o traballo e o sa-

«É moi bonito ser un referente para as que están a empezar.

Poden ser profesionais no deporte e xogar aquí»

crificio e de representar a Galicia, xogar en equipos galegos e recibir un premio galego, da miña cidade», sinala a xogadora ao poñer en contexto a súa carreira.

De feito, insiste no especial que é para ela o «poder estar nunha categoría ao máximo nivel representando a equipos de onde son». «O feito de poder xogar en dous equi-

pos de Galicia, da miña terra, é para presumir. Non todos poden facelo e son xa catro anos seguidos. Tamén é moi bonito para as xogadoras máis pequenas, ser un referente para as que están a empezar, que saiban que poden ser profesionais no deporte e xogar en equipos de aquí», engade.

Recoñece que non pensou nunha retirada en Santiago, sexa como profesional ou semiprofesional e dentro de moitos anos, pero admite que sería «bonito»: «Todo o meu paso por Santiago, onde empecei, lembrareino sempre como algo precioso. Oxalá puidese retirarme como profesional alí. Pero, aínda que sexa como semiprofesional, o poder retirarme na casa, co meu círculo de confianza, oxalá que sexa posible».

Agora, aínda lle quedan moitas aventuras que vivir na súa carreira e, de feito, nesta mesma tempada puido vivir unha impensable ao poder xogar un partido europeo coa súa irmá, Silvia, a fisioterapeuta do equipo: «A verdade é que é a miña outra metade. Só nos levamos once meses e fomos xuntas ao colexio, estudabamos xuntas e sempre ía xogar con ela. É o meu maior apoio, sabe sempre o que necesito. Non estaría onde estou sen ela. Este ano coincidimos en Ferrol e no segundo ano que me rompo o cruzado foi a miña rehabilitadora. Agora déixase a vida en Ferrol e querena moito todas. O momento do seu debut foi un soño cumprido. Foi moi especial vela rebotear e anotar a pase meu. Foi de película».

Tanto a súa familia de sangue como a 'familia' que é o seu equipo de Ferrol celebraron o seu galardón. «Ninguén o esperaba, pillounos a todos por sorpresa. Recollín o de Ames e, agora, que che dean dous premios, é increíble. Os meus pais son os que fan que sempre teña os pés na terra. Cando era pequena, eles fixeron moitos esforzos para que eu estea onde estou. É grazas a eles. E no equipo tamén están contentas. Sen o grupo, non habería premio, é de todas. Iso si, metéronse comigo porque non se me dá ben falar en público», remata entre risas. ■

FIBA

VIII GALA DO DEPORTE DE SANTIAGO

Cosme González, ouro no Nacional xuvenil, é unha das grandes estrelas de Compostela, pero detrás da súa estela hai moitas horas de traballo, esforzo e sacrificios, xunto a grandes desexos

O 'cosmos' da ximnasia rítmica

ANDRÉ COUCE

Santiago

Cosme González foi elixido como o mellor deportista promesa na gala, despois de proclamarse campión de España na categoría xuvenil en ximnasia rítmica e gañar a medalla de ouro no torneo nacional Euskalgym. Recibe o galardón do Concello de Santiago «con moita ilusión por ser recoñecido con este gran premio e poder gozar da gala de entrega».

O ximnasta comenta como foi recibir a noticia: «Con moito entusiasmo, xa que poucas veces se recoñece deste xeito a miña disciplina e estou moi orgulloso de poder ser o gañador. A miña familia reac-

cionou tamén con moito orgullo e satisfacción, xa que saben de primeira man o dura que é esta modalidade e o deporte en xeral».

Sobre o seu título nacional explica que «foi unha vitoria moi inesperada, xa que ía con ganas de pasalo ben e de poñer en pé ao público, pero tamén co desexo de poder demostrar o meu traballo. Neste caso, saíu ben». «Ao ser un deporte tan subxectivo, poida que non saia como queiras, pero neste caso foi así. Non mo esperaba, a verdade, xa que había rivais bastante fortes e con moitas ganas de gañar. Pero



Cosme García realizando un exercicio.

sendo este deporte como é, dependendo do día, podes fallar ou non. Nesta ocasión, tiveron sorte e puiden facerme coa vitoria», sinala.

O seu comezo foi «nas escolas municipais». «Pouco a pouco fun decatándome de que me gustaba moito e díxenlle á miña nai que quería tomarmo máis en serio»,

lembra. Así, comezou no Ximnasia Rítmica Compostela e, segundo foron pasando os anos, iniciou o seu ascenso de nivel, chegando ao que ocupa actualmente.

«A rítmica supón gran parte da miña vida, xa que lle dediquei moito tempo da miña infancia, deixando de lado as cousas típicas que fai

un neno pequeno porque tiña que adestrar. Sen ela, non sería como son», profundaba.

Considera que, nos últimos anos, a ximnasia «está a superar algunhas barreiras, pero aínda queda moito que mellorar»: «Por exemplo, os mozos seguimos sen poder chegar a competir a nivel internacional. É unha limitación para moitos de nós, saber que non podemos aspirar a máis». De feito, o seu soño era «poder ir a unha Copa do Mundo ou a uns Xogos Olímpicos». «Agora véxoo máis improbable e céntrome en gozar da ximnasia rítmica todo o tempo que poida», sinala.

Finalmente, fala do difícil que é a convivencia entre deporte, estudos e vida privada: «Este último ano está a custarme un pouco máis. En segundo de bacharelato, compaxinar deporte e estudos é un pouco complicado, xa que che faltan horas do día para poder facelo todo. E se, ademais, es unha persoa de 17 anos que tamén quere saír cos seus amigos e pasalo ben, é moi difícil. As veces fáltanche horas de sono por preparar un exame que non puidesches facer antes porque tiñas adestramento ou tes fins de semana de competicións nos que che toca estar nas bancadas cos apuntamentos». ■

As irmás Paniagua recibiron o galardón conxunto como deportistas promesa femininas, algo pouco usual que, non obstante, para elas é o habitual. E é que Debris e Demeku están afeitas a competir e a facer a súa vida cotiá xuntas, aínda que tamén fagan cousas por separado. Porque, como ben explican elas, a súa relación e as súas vidas son comúns, como as de calquera outra nena que ten unha irmá.

No deportivo, Demeku levou a prata e Debris o bronce no Campionato de España de campo a través e foron as primeiras xemelas españolas en competir nun Mundial de Cross, sendo as mellores nos postos 28 (Debris) e 37 (Demeku) na categoría sub20, con só 17 anos. Por outro lado, Debris foi bronce nos 2.000 obstáculos no Festival Olímpico da Mocidade Europea; e Demeku, bronce nos 2.000 obstáculos no Campeonato Ibero sub18. E pecharon a tempada triunfando na Carreira Pedestre Popular de Santiago, unha cita á que acoden todos os anos. Na edición do pasado outubro acadaron o primeiro posto Debris e o segundo, Demeku.

Recibir agora este galardón do Concello de Santiago supón «un orgullo». «Que pensasen en nós, que nos distingan deste xeito, é algo bonito», sinala Demeku. «É un premio que lle dan a pouca xente e supón que che recoñecen o traballo e o esforzo», continúa a súa irmá.

Pese aos éxitos, manteñen os pés na terra e recalcan que a súa vida é coma a de calquera adolescente

Irmás en todo e para todo

ANDRÉ COUCE

Santiago



As irmás Paniagua son unhas habituais da Carreira Pedestre de Santiago.

De feito, Debris explica como gozaron da entrega de premios: «Paseino moi ben na gala porque desfrutei vendo as presentacións dos outros atletas, coñecín xente nova e moitas persoas viñéronme falar e felicitar-me. Puiden ver que había moita xente que me coñecía. Gustoume moito a charla de Marcelo (Lusardi) e da alcaldesa de Santiago, que tamén deu un discurso moi bonito».

Alén de ter un enorme talento, o máis extraordinario é que sexa compartido e que ambas irmás gocen do mesmo deporte no que empezaron con seis anos. Por iso, Demeku deixa unha reflexión que reflicte o cotián que é para elas esta inusual situación: «É moito mellor compartir coa túa irmá que se non o fixeses. Tampouco o sei con certeza, porque nunca estiven separada nin deixei de compartir algo con ela. Pero creo que é o mellor».

E, por suposto, non hai lugar a 'piques', porque «quen corra mellor é a que gaña e xa está. A que sexa mellor e estea mellor. Nunca nos repartimos nada, pero si que, se nos podemos axudar, axudámonos. Motivámonos entre as dúas».

Debris tamén insiste en que a vida de ambas é «igual á de calquera adolescente da nosa idade. Imos ao colexio, estudamos, volvemos e seguimos estudando. O único diferente, pero tampouco o é tanto respecto da xente que tamén fai de-

porte, é que adestras quizais con máis nivel ou máis compromiso».

Proba diso é que, ao ser preguntada por algunha historia xunto á súa irmá que a marque, a súa resposta é un «non»: «É como calquera outra irmá e son moitas cousas as que vivimos xuntas. Ela é como a miña mellor amiga».

Debris tamén fai fincapé na importancia da familia: «Os meus pais son a clave, porque grazas a eles a miña irmá e máis eu seguimos. Por exemplo, poida que ás veces diga que non me apetece adestrar e son eles os que me apoian, os que me din que hai que ser disciplinada e ir todos os días, porque che abrirá portas. Tamén me apoian desde as bancadas e motívanme nas carreiras cos meus tíos. Ademais, lémbrenme a importancia do que fago, porque ás veces un mesmo non ve o grandes que son as cousas que estás a facer, na pista ou fóra. Fanche ser máis agradecida. O meu adestrador tamén é un grande apoio. Agora é Manolo Vigo e, desde que adestro con el, mellorei a pasos axigantados».

Para rematar, ambas irmás ven o seu futuro moi aberto. No deportivo, queren chegar o máis lonxe que poidan, dentro das súas capacidades. Fóra del, Debris non sabe aínda que estudar e Demeku teno un pouco máis claro: «Algo relacionado coa educación, a psicoloxía ou vencellado co deporte». ■



CW Santiago

O Club Waterpolo Santiago, unha entidade que leva por bandeira o nome de 'ranitas' para os seus xogadores.

Foi galardoada como a mellor entidade deportiva da capital galega tras unha tempada en que chegaron a competir en Santa Isabel pola obra da piscina. Finalmente, deron a sorpresa gañando a Copa Galicia en categoría absoluta masculina e feminina

O Club Waterpolo Santiago, nadando a contracorrente

ANDRÉ COUCE
Santiago

A historia do Club Waterpolo Santiago é xusta merecedora do galardón a mellor entidade deportiva de Santiago. As 'ranitas' tiveron que nadar contracorrente dende os seus comezos e agora máis que nunca. Nunha tempada na que a piscina de Santa Isabel estivo en obras, o club superou o temor de chegar mesmo a desaparecer e superouse a si mesmo. En febreiro gañaron a Copa Galicia absoluta en categoría feminina e masculina, sumando estes éxitos a unha impresionante traxectoria. É que, dúas tempadas atrás, impuxéronse tanto na Liga como na Copa galega, nas categorías feminina e masculina, ademais de facerse coa competición ligueira benxamín mixta. E o ano pasado lograron a Supercopa absoluta, a Liga e a Copa alevín, éxito co que repetiron o conseguido na tempada 23/24 en benxamíns.

Cada paso ten unha importancia maior ca calquera título, porque perseveran sen afogar nun vaso de auga. É que se algo ten claro o presidente da entidade, Luis Ferrer, é que hai moi pouca auga para tantos clubs que a precisan. Algo que leva sinalando dende hai anos, que puxo de manifesto na gala e que recalca de novo: «Que se falen Xunta, Deputación e Concello e se poñan de acordo».

«Temos 104 licenzas e poderíamos ter 50 máis perfectamente. Pero estamos limitados polo espazo. O que lograron os alevíns e benxamíns é unha proeza, porque adestraran nunha calle. É un problema, porque non todo é natación no wa-

terpolo. Temos o compromiso de, para o ano, ter máis espazo no Sar. En 17 anos fun tres veces reclamar a necesidade doutra piscina e sempre ocorre o mesmo. Se unha cor política quere, as outras non. Santiago é a cidade galega con menos oferta de

auga. A Xunta nin ten instalación, son todas municipais ou privadas. Non entendo que ninguén faga outra piscina. Cando alguén chega a Alcaldía en Compostela decátase desta necesidade. A gala non é momento de reclamacións, pero pedín



CW Santiago

Imaxe dun encontro de waterpolo da entidade compostelá.

con respecto que falen as administracións, porque catro clubs temos que pelexar por ter espazo. Nós non nos permitimos competir en Nacional por estas circunstancias», expresa o mandatario.

Mentres espera pola resposta das administracións, celebra a honra que recibiu o club da cidade, e que foi, para el «unha sorpresa»: «Tivemos unha recepción no Concello por gañar a Copa masculina e feminina e, ao día seguinte, xa nos informaron o do galardón». Valora moito este recoñecemento porque «o waterpolo é un deporte distinto a todos ao xogarse na auga» e, dende a fundación da entidade no 2004, é o equipo «máis galardoado en todas as categorías».

Por outra banda, admite que os títulos de este ano foron totalmente inesperados: «Doulle moito mérito ás Copas deste ano e ao galardón do Concello porque en xuño estaba convencido de que íamos desaparecer ao non ter onde xogar. Deixábanos adestrar na piscina de Sar, pero non podíamos xogar en Santa Isabel. Por sorte, fixemos por xogar na segunda volta os encontros na casa, coa piscina xa operativa a partir do 10 de abril».

Polo menos, agora está satisfeito cos labores en Santa Isabel. Recoñece que a piscina «está moi ben» e que precisaba os arranxos. Ademais, expresa que nesta tempada, por primeira vez, conseguiron patrocinadores privados, o que supón «un mundo para o noso club», que pouco a pouco segue tratando de medrar e mellorar. Xa contan cunha persoa «responsable das redes sociais, que está a facer un traballo estupendo no Instagram».

De feito, quixo agradecer a «todos os estamentos do club» os seus esforzos: «Primeiro, aos deportistas, porque son os que gañan, perden e xogan. Este é un deporte moi esixente. De media empezan entre quince ou vinte, pero despois quedan cinco. Como dicimos nós, tes que ser 'ranita', porque non é para calquera. Aprendes a nadar moi ben pero, cando te ves nunha piscina tan profunda e que afundes, tes que ter capacidade de soportalo. Por iso, en segundo lugar, doulle as grazas aos adestradores, Xavi e Ceci, porque son os mellores de Galicia».

«Tamén quero recoñecer o labor das catro persoas da directiva. Algúns pais cren que teñen a obriga, pero ser directivo dun club é altruista. E, por último, tamén é preciso darlles as grazas aos propios pais. Porque cando me tocou, sei o que é ir en pixama ás nove da noite levar aos fillos ao adestramento e recollelos ás once. É duro, ademais dos desprazamentos aos partidos, porque competimos a nivel autonómico e son viaxes longas. Sen eles non sería posible», remata. ■

VIII GALA DO DEPORTE DE SANTIAGO

Cando Chuco Barreiro chegou ao vello campo de Santa Isabel ía coa intención de botarlle unha man a Santiago Lago, que compaxinaba o seu traballo no equipo co de porteiro do cine Yago ata a súa xubilación. Aos poucos días, Chuco deixou a fábrica do Cotaredo e quedou en Santa Isabel, converténdose, co tempo, nun auténtico sinal de identidade do Compostela.

Corría o ano 1968. Daquela, os balóns eran de coiro e, ante as dificultades económicas dun club que non estaba para tirar nada, había que coser aqueles hexágonos a man para aproveitar os esféricos ata o límite. Non era máis doado o traballo no campo. Era un labor infernal, sobre todo cando había que pintar as liñas sobre a auga que encharcaba o terreo de xogo de Santa Isabel.

As cousas mudaron co traslado a San Lázaro, onde todo era moito máis sinxelo, tanto para el como para a súa muller, Maruxa Barral, que se incorporaría ao club para lavar a roupa coincidindo coa compra da primeira lavadora.

Chuco Barreiro non protestaba. Facía todo o que se lle encomendaba. Sen unha mala cara. Recibía os xogadores cos brazos abertos e, en pouco tempo, xa os tiña comendo da man. Sen nada raro. Sen actitudes forzadas. Simplemente, amosándose tal e como é.

Sempre luciu un carácter divertido e retranqueiro, cun sorriso de neno traveso, pero sen deixar de atender as súas obrigas, que non eran poucas naquel Santa Isabel enlarnado case todo o ano.

O día que Chuco Barreiro decida contar todas as anécdotas que leva na cabeza poderían encherse varios tomos. Pero non é home de procurar protagonismo. Sempre quixo estar nun segundo plano.

Foron moitos anos no Compostela e tivo tempo para sufrir nas malas e tamén para desfrutar nas boas, cun recordo especial daquel partido que o Compostela gañou o 23 de xuño de 1991 en Santa Isabel diante dun poderoso Badaxoz por 3-1, con dous goles de Ochoa e un de Juanito. Foi o ascenso á Segunda División. E Chuco Barreiro estaba alí.

Pero, se nalgún partido se desbordou a alegría, foi no que se disputou o 1 de xuño de 1994 no Carlos Tartiere de Oviedo. O Compostela derrotou ao Rayo Vallecano, adestrado por David Vidal, tamén por 3-1, con dous goles de Ohen e un de José. E Chuco Barreiro estaba alí.

No banco da SD Compostela mandaba Fernando Santos, que para Chuco foi o mellor técnico que pasou polo club. Foi para el a mellor etapa do Compostela e destaca, sobre todo, aqueles «partidillos» nos adestramentos, que moitas veces

O matrimonio que traballou arreo polo club santiagués recibiu un recoñecemento moi especial nunha gala que lle dedicou unha grande ovación e ante un auditorio que se emocionou coa súa historia cargada de sentimentos

Chuco e Maruxa poderían apelidarse SD Compostela

VÍCTOR FURELOS

Santiago



De pé pola esquerda, Toño Guerra, Casal, Bellido, Ochoa, Leví, Tono, Chuco Barreiro, Juanito, Carlos e Juan Cabrejo. Axeonllado Jorge Varela, sentada Maruxa Barral e con ela María Gómez, parella do gardameta Carlos.

A mellor homenaxe

Arroupados polo agarimo de quen antes foron para eles coma fillos

Chuco Barreiro e Maruxa Barral foron protagonistas na Gala do Deporte de Santiago, pero ademais tamén foron a mostra de que as boas persoas sempre reciben, cando menos, parte do que dan. Este entrañable matrimonio

tratou durante anos os xogadores do Compostela coma fillos. Sempre había un sorriso, unha palabra de ánimo ou mesmo unha mostra de cariño, aderezados co humor cómplice dunha parella que se facía querer. E nesta gala non podían estar sós.

Entre os asistentes había un grupo de persoas que saben o que é pisar o vestiario do Compostela e tamén coñecen o labor que Chuco e Maruxa facían no club. Por iso non quixeron deixar pasar a ocasión de arroupalos nun día tan sinalado. E non estiveron todos os que querían. Por exemplo, Nacho, o bravo lateral esquerdo, felicítounos desde a distancia, xa que lle foi imposible acudir desde Foz, onde vive agora. Tamén o nixeriano Ohen, gran estrela da dianteira do mellor equipo branquiazul da historia,

lles mandou saúdos ante a imposibilidade de trasladarse desde Madrid, onde abriu un negocio novo hai dous meses.

Máis sentida foi a mensaxe do gardameta Iru, actual adestrador de porteiros do Athletic Club, quen enviou un vídeo moi agarimoso. E quen si estiveron e aplaudiron a rabiar no Auditorio de Galicia foron Javier Bellido, Juan Cabrejo, Juanito, o porteiro Carlos, Manolo Leví, Tono, Casal, Jorge Varela, Paquito Tojo, Toño Guerra e Ochoa, aos que se sumou outra persoa que vestiu a camisola do club santiagués, pero que seguiu vivindo e sufrindo co equipo: o doutor Jesús Marque. Ademais, tamén acudiu ao acto quen fora presidente da SD Compostela, José Manuel Mayán Santos. E o club tamén quixo estar presente nesta merecida homenaxe e estivo representado polo actual xerente, Miguel Fernández.

Se algo quedou claro é o cariño que este matrimonio, formado por Chuco Barreiro e Maruxa Barral, foi sementando no corazón de quen pisou os vestiarios da SD Compostela. ■

se celebraban en Lavacolla, nos que os perdedores pagaban a tortilla no Periquillo de San Lázaro. O ambiente era excelente. E xogadores, corpo técnico, empregados do club e ata os xornalistas parecían parte daquela familia.

Pero é que este home para todo, que valía para un roto e un descosido, xa avisara antes de xogar que eses partidos estaban gañados. Porque, ademais do seu traballo, foi tamén fundamental á hora de infundir ánimos a un plantel que por aquel entón era unha auténtica familia na que Chuco xogaba un papel moi importante.

E, igual que lembra as vitorias, tampouco deixa atrás as derrotas, como a sufrida diante do Villarreal e que supuxo o descenso á Segunda División. Chuco sentiuna como se lle morrese algún familiar achegado.

Tratou os xogadores como fillos e cada verán agarimaba aos novos para que se adaptasen ao grupo canto antes. E tamén tivo sempre palabras de agarimo para os lesionados.

A medida que o club foi medrando, as necesidades transformáronse. Maruxa Barral, a muller de Chuco, incorporouse ao club aínda en Santa Isabel. Era a encargada da lavandaría, pero facía moitas cousas máis.

Os dous tiñan unha dedicación total a un Compostela que sempre levarán no seu corazón, ata o punto de que non sabían de horarios e moitas veces as súas xornadas eran eternas.

Non atina a dicir con cantos adestradores conviviu nin cantos xogadores viu coa camiseta branquiazul, pero sabe o nome de todos os presidentes cos que traballou, cunha lembranza especial para Canneda polo que significou. E, aínda que coñece os defectos e as virtudes de cada un deles, nunca se lle oirá unha crítica da boca dun Chuco Barreiro que leva a discreción como bandeira e sabe gardar os segredos como ninguén.

E Maruxa non queda atrás. Conectou á perfección con todos os xogadores e pode presumir de non ter nunca un encontro desagradable con adestradores nin directivos. Sen unha mala palabra, sempre agradable e cunha conversa entreteida, moitas veces daba a impresión de que o Compostela, para ela, máis ca un traballo, era unha bendición, malia a dureza dalgunhas xornadas.

É un matrimonio entrañable que sempre se desviviou polo Compostela. Eles din que é o seu club, que foi a súa casa e que se converteu na súa familia, e por iso viven as vitorias e as derrotas cun sentimento que ninguén atina a definir. ■